

# Ruta 2 Sendeirismo: Bamio - Fontefría

*Historia, natureza e deporte danse a man nesta  
fermosa ruta*

## ACCESO:

Saíndo de Vilagarcía pola estrada en dirección a Santiago de Compostela unha vez pasado o pobo de Carril, e superado tamén un concesionario de automóviles, collemos un cruce á man dereita (estrada a Bamio) onde, a uns 200 metros, temos de novo un desvío á dereita que nos leva ós petroglifos da “Pedra dos Ballotes” (km 0 da ruta).



*A ruta iníciase en Bamio xunto ós petroglifos de “Os Ballotes”*

## COMENTARIO DA RUTA:

A “Pedra dos Ballotes” atópase dentro dun valado e representa cervos de grande tamaño e deseño esquemático. Destacan tres grandes figuras gravadas na parede inclinada ó noroeste, que camiñan, máis ou menos en liña, en



*No km. 3 acometemos a rampa, de 500 m. de lonxitude, máis*

dirección norte - sur. Os petroglifos de Os Ballotes, representación es de arte



*Un dos cervos de “Os Ballotes”*

rupestre grabados en roca, son os vestixios máis importantes (segundo milenio a. de C.). Xa que estades a ver uns gravados cuns 4.000 anos de antigüidade, procurade ser coidadosos e non lle pasedes xiz polos sucos. Se queredes tirar unhas boas fotos, podeades visitalos ó solpor, cando a luz rasante os destaca máis.

Despois de visita-los petroglifos, seguiremos as indicacións da ruta. Ascendemos por unha pista que nos leva ata ó Pinar do Rei (km 1,2) onde está o Refuxio de Animais.

Seguindo a ruta, chegamos a un desvío á man esquerda. Esta pista transcorre pola aba do Monte Xiabre que mira cara Catoira e Bamio. Dende este punto poderemos disfrutar dunhas fermosas vistas de Vilagarcía e da case totalidade da Ría de Arousa, así como da Serra do Barbanza. Ó pouco de iniciar a ascensión, xa podemos observa-las illas


## Sendeirismo

**Dende o km. 4 a pendente suaviza e a ruta transcorre por unha ancha pista onde camiñar é máis fácil**



que existen fronte a Carril (Cortegada, Malveiras, Briñas...), Punta Fradiño e Punta Garandoiro. No km. 3 acometemos a rampa máis forte da ruta, ten 500 m. de lonxitude e finaliza nun rellano (onde conflúe coa ruta que ven de Castrogudín RUTA 1). Dende aquí a ruta suavízase moito e incluso hai unha fonte (km. 5,5) na que

refrescarnos e descansar un pouco antes de continua-la ascensión.



Dende esta altura divísase con precisión a fermosa desembocadura do Río Ulla. Río arriba, chegan a verse as Torres do Oeste, xa no concello de Catoira. Continuaremos por esta pista, seguindo as escasas indicacións, ata chegar á área recreativa de Fontefría, onde, atoparemos mesas e bancos nos que repousar, así coma unha fonte. Moi preto, o Río do Con fai unha pequena e fermosa ferverza que poderemos visitar antes de inicia-lo regreso.

✂ **Fontefría lugar onde finaliza a ruta**

✂ **Plano das rutas 1 e 2**

